

## **PROCEDIMENTO PARA A OBTENCIÓN DA MENCIÓN DE COTUTELA NA TESE DE DOUTORAMENTO**

### **INTRODUCCIÓN**

A Comisión Permanente da EIDO na súa reunión do 23/07/2015, aprobou o seguinte procedemento para a cotutela, co obxectivo de desenvolver o procedemento xa recollido no Regulamento de Estudos de Doutoramento (en adiante RED).

Distínguense dous procedementos (apartados I e II), dependendo da institución na que se defende a tese de doutoramento e de cal expide o título de doutor/a correspondente.

### **I. MENCIÓN DE COTUTELA EXPEDIDA NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

#### **1. REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN**

Recoñecerase a Mención de Cotutela sempre que concorran as seguintes circunstancias:

1. Que a tese sexa froito da dirección conxunta da Universidade de Vigo e outra Universidade ou Centro de Investigación, avalado por un convenio específico entre as institucións responsables, segundo se recolle no RED.
2. Que a tese estea dirixida por dous/dúas directores/as, un/ha de cada un dos respectivos Centros participantes na cotutela.
3. Que durante a súa etapa de formación o/a doutorando/a realizase unha estadía mínima de 6 meses na outra Universidade ou Centro de Investigación, subscritor do convenio. Esta estadía acreditarase no momento da admisión a trámite da tese mediante a certificación expedida polo Centro receptor e deberá presentarse validada polo Departamento ou Comisión Académica responsable do programa de doutoramento do/a alumno/a.

#### **2. PROCEDIMENTO PREVIO Á SINATURA DO CONVENIO**

1. O/A director/a de tese pertencente á Universidade de Vigo e o/a alumno/a promoverán os convenios marco e específico, co Visto e Prace da Comisión Académica do Programa de Doutoramento, seguindo as condicións establecidas no RED, e preferentemente nos modelos de convenio existentes. En calquera caso, o convenio garantirá a cobertura de gastos médicos e de repatriación do/a alumno/a no país onde se realice a estadía.
2. A secretaría da EIDO será a unidade responsable das xestións conducentes á sinatura do convenio.



3. O/s convenio/s deberá/n ser informado/s pola Comisión Permanente da EIDO. A tal efecto, a documentación para exame será entregada na Secretaría da EIDO, que trasladará copia á Oficina de Relacións Internacionais para que informe en canto aos aspectos relacionados coa mobilidade do alumnado. A Comisión Permanente da EIDO someterá á aprobación os anteditos convenios. O informe da Comisión será comunicado aos/ás propoñentes e á Secretaría Xeral.
4. No caso de empregar un modelo de convenio diferente dos establecidos, este deberá ser informado pola Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo.
5. A Secretaría Xeral será o órgano responsable do trámite para a sinatura de convenio. A Secretaría da EIDO levará un rexistro dos convenios asinados que regulen a cotutela.
6. Asinado o convenio, a Secretaría Xeral remitira o convenio aos/ás propoñentes, unha copia ao Negociado de Terceiro Ciclo e outra á ORI.
7. Unha vez finalizado e rexistrado o convenio, será responsabilidade da Sección de Posgrao, a través do Negociado de Terceiro Ciclo, o control e a xestión das actuacións relacionadas co convenio.

### **3. PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DA MENCIÓN**

#### **ADMISIÓN E MATRÍCULA**

1. O/A alumno/a solicitará a admisión no programa de doutoramento nos prazos sinalados pola Universidade de Vigo.
2. O/A alumno/a formalizará a matrícula no período de tutela de tese nas dúas institucións participantes no réxime de cotutela. O/A alumno/a pagará as taxas correspondentes na Universidade de Vigo.

#### **ESTADÍA**

3. O/A alumno/a, no transcurso do período de tres anos que medien entre a sinatura do convenio e a lectura da tese, deberá realizar unha estadía de alomenos 6 meses na outra institución, no calendario estipulado no convenio específico.

#### **SOLICITUDE DE ADMISIÓN A TRÁMITE**

4. O/A alumno/a presentará, segundo o caso, ao Departamento ou Comisión Académica correspondente a certificación da estadía na outra universidade. Na portada da tese deberá figurar que a tese se realizou en réxime de cotutela e as institucións participantes.

#### **PROPOSTA DE TRIBUNAL**

5. O tribunal estará formado segundo o estipulado no RED, de común acordo entre as dúas institucións participantes. Nel deberá figurar alomenos un/ha representante de cada institución como membro do dito tribunal.
6. O Negociado de Terceiro Ciclo revisará a proposta do tribunal e elevaráa para designación do tribunal, comunicándolle a designación á outra institución



asinante do convenio, para que no prazo de 30 días formule as alegacións pertinentes.

- a) Se neste prazo non se recibiran alegacións, o tribunal considerarase definitivamente aprobado.
- b) Se no prazo de 30 días se recibisen alegacións, o Negociado de Terceiro Ciclo elevará a documentación á Comisión Permanente da EIDO, para o nomeamento definitivo do tribunal.

#### PRAZO DE ENTREGA

7. Nomeado o tribunal, ábrese o prazo ordinario de entrega dos informes dos membros do tribunal.

#### LECTURA DE TESE

8. Haberá unha acta específica onde o/a Secretario/a certificará que se cumpren os requisitos para a mención de cotutela.
9. A “Acta de lectura de tese en réxime de cotutela” reflectirá as institucións participantes, a data da sinatura do convenio específico e unha certificación do/a Secretario/a do tribunal acerca da participación dun membro da outra institución.

#### EXPEDICIÓN DO TÍTULO

Lida a tese e satisfeitos os dereitos correspondentes a emisión do título de doutor/a, emitírase ademais a certificación de Mención de Cotutela.

10. A Mención de Cotutela será expedida polo Negociado de Terceiro Ciclo, e fará constar tódos os datos pertinentes da cotutela
11. Esta mención quedará rexistrada no programa de xestión do alumnado da Universidade de Vigo.


#### REGISTRO NO NEGOCIADO DE TERCEIRO CICLO DA SECCIÓN DE POSGRAO

12. O Negociado de Terceiro Ciclo levará a cabo un rexistro de teses lidas en réxime de cotutela, onde constará:

- I. Nome do/a doutorando/a, DNI/pasaporte
- II. Título da tese
- III. Nome dos/as directores/as da tese, DNI/pasaporte e afiliación
- IV. Data de lectura
- V. Cualificación
- VI. Composición do tribunal
- VII. Denominación do título
- VIII. Universidade participante na cotutela
- IX. Universidade de lectura

#### **II. MENCIÓN DE COTUTELA NA QUE A UNIVERSIDADE DE VIGO PARTICIPA PERO NON EXPIDE O TÍTULO**

Os trámites previos ata a sinatura do convenio serán os mesmos para os epígrafes 1 a 7 que para as teses lidas na Universidade de Vigo. No caso de acollida de alumnos/as



de países non europeos é especialmente importante que o convenio garanta a cobertura de gastos médicos e de repatriación do/a alumno/a ao país de procedencia. A tramitación da mención terá os seguintes pasos:

8. O/A alumno/a matricularase na Universidade de Vigo, sen aboamento de taxas. No convenio específico indícase a partida orzamentaria en que se cargará a taxa.
9. O/A alumno/a, no transcurso do período de tres anos que medien entre a sinatura do convenio e a lectura da tese, deberá realizar unha estada de alomenos 6 meses na Universidade de Vigo, no calendario estipulado no convenio específico, do que o Departamento ou Comisión Académica correspondente, segundo o caso, debe emitir a oportuna certificación.
10. No caso de cambio na dirección da tese, seguirase o procedemento establecido na universidade correspondente. O cambio de director/a deberá comunicarse á outra universidade.
11. O Negociado de Terceiro Ciclo recibirá a proposta do tribunal da tese cotutelada pola Universidade de Vigo e elevaráa á Comisión Permanente da EIDO, para a conformidade ou formulación de alegacións no prazo de 30 días estipulado no RED. A súa composición axustarase no posible á normativa vixente na Universidade de Vigo.
12. O Negociado de Terceiro Ciclo rexistrará o tribunal no sistema de xestión.
13. O Negociado de Terceiro Ciclo recibirá a comunicación da lectura da tese e incluírá os datos da tese no sistema de xestión. A certificación oficial do acto de lectura conterá, alomenos, a data de lectura, o título da tese, a composición do tribunal e a cualificación obtida.
14. O Negociado de Terceiro Ciclo incluírá estas teses no rexistro establecido no apartado I.